

CARTA ÁS NAIS E PAIS DO ALUMNADO

O sistema educativo público está sufrindo unha agresión sen precedentes.

A escola pública que temos non é perfecta, ten moitas eivas que mellorar. Necesitamos elevar a calidade da formación das nosas fillas e fillos, para que sexan persoas cunha formación académica sólida; pero tamén deben ser persoas críticas, con capacidade para analizar a realidade e traballar por unha sociedade cada vez máis libre.

Por desgraza, os pasos que se están a dar desde o actual goberno van na dirección contraria á que necesita o noso sistema educativo. A actual contrarreforma educativa, a chamada Lei Wert, busca impedir unha educación de calidade, a única que pode educar compensando desigualdades sociais.

A saída á crise que se está deseñando no noso país pasa por dispoñer de grandes masas de man de obra barata e submisa, de persoas ignorantes dos seus dereitos sociais e laborais, de persoas que estean dispostas a traballar todo o que faga falla polos menores cartos posíbeis; e para conseguir isto, a nova lei de educación (a Lomce) diseña un sistema clasista, que introduce atrancos para a práctica educativa do alumnado (**reválidas**), que permite que o alumnado que supere determinados cursos poda quedar sen titulación por non superar a reválida correspondente, que permite que con 14 anos se poda abandonar o ensino obrigatorio sen cumprir os obxectivos educativos mínimos, que os centros recibirán máis ou menos **recursos** en función dos rendementos do alumnado e non das necesidades deste, que reducirá os recursos para os centros públicos favorecendo os centros privados, que potenciará as materias que se avalían en PISA eliminando aquelas que serven para analizar con **espírito crítico** a realidade complexa e plural da nosa sociedade, que promove a escollo da **relixión** na escola habendo materias que desaparecerán ou perderán carga horaria, que vai reducir profesorado, a concesión de bolsas de estudo, a gratuidade dos libros de texto, os comedores escolares... desviando aínda máis **fondos para os centros privados**, que permite que se financien con diñeiro público aqueles centros que **segregan alumnado por razón de sexo**.

En definitiva, provocará que a escola, que vén sendo a garantía dunha formación universal e de calidade que asegura a igualdade de oportunidades, poida contribuír no futuro a remarcar as diferenzas sociais e económicas.

A dignidade do futuro das nosas fillas e fillos está a decidirse nestes momentos. A responsabilidade que, como nais e país, temos é enorme, e a lei Wert elimina a nosa capacidade de decisión nos Consellos Escolares. Debemos evitar que a mocidade teña peores condicións de vida das que nós gozamos á súa idade.

É necesario que as nais e pais nos impliquemos na comunidade educativa, que axudemos a mellorar as condicións dos centros educativos nos que estudan as nosas fillas e fillos. Debemos traballar dentro das ANPAS, elixindo a representación no consello escolar, apoiando ás persoas que estean máis implicadas na defensa dunha escola pública, laica e de calidade.

Desde o noso sindicato, tamén formado por nais e pais, queremos facerche chegar a urxencia da actual situación: A escola pública está en perigo, o futuro da formación das túas fillas e fillos depende de ti.

Grazas pola túa atención